

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005257	IES Ramón Menéndez Pidal	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu contorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado na Coruña, no IES Ramón Menéndez Pidal.

O grupo seleccionado de 3º ESO, está composto por 34 alumnos e alumnas que amosan moito interese pola aprendizaxe da lingua portuguesa.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os días daquela	Determinarase o tema no que o o grupo vai pescudar información viaxando ao pasado... Realizarase un proxecto traballarase a radio	30	10	X		
2	Hoxe	Cada grupo fará un traballo de investigación para saber como era escollido no día a día da súa contorna, investigarán sobre a cutura portuguesa e os seus costumes hoxe	30	10		X	
3	Presentando o pasado e o presente	Elaboración do produto final e presentación do mesmo. Presentación do proxecto completo.	40	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os días daquela	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura popular e das tradicións.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Saber organizar as fichas e traballo do proxecto		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Adquerir competencia e amosar calidade no proceso de comunicación		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Saber empregar os recursos		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Saber resolver os problemas con autonomía		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar o traballo e resultado		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Amosar autonomía ao presentar o proxecto		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Amosar corrección á hora de falar con claridade		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Amosar unha actitude correcta na expresividade		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Amosar as emocións e potencialas en positivo		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar distitnos ecuros		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Hoxe	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Saber presentar o proxecto	PE	5
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Saber valorar a importancia e a transcendencia do proxecto	TI	95
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Saber seleccionar os recursos necesarios		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Saber seleccionar a información que se precisa		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Amosar autonomía na organización do proxecto		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever e saber resolver as posibles incidencias.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Amosar unha actitude positiva e correcta		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Amosar unha actitude expresiva correcta		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Amosar valores humanos e emocións positivas		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Saber empregar distintos recursos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentando o pasado e o presente	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Saber valorar a importancia do proxecto	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identificar os recursos necesarios		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Seleccionar a información necesaria		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Organizar o proxecto		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Prever as incidencia e saber resolvelas		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Saber dirixir a organización do proxecto		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Saber poñer en práctica os coñecementos		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Utilizar os recursos		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Saber resolver con autonomía as incidencias		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar o traballo realizado		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: ""Onte e hoje".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, determinarase o tema sobre o que os distintos grupos queren investigar. Algúns dos posibles temas son:

- O ocio daquela
- Aquelas festas populares
- A música da nosa xuventude
- As primeiras películas
- Aquelas cartas
- As primeiras chamadas telefónicas
- Lugares da infancia
- Como era o tempo de lecer
- Xogos utilizados

...

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, establecerán os contactos pertinentes cos distintos axentes e entidades sociais:

- Hemerotecas (consultas de xornais, revistas)
- Libros e outro material libre
- Consultas nos concellos
- Entrevistas ás familias
- Entrevistas á veciñanza das vilas sobre Portugal no pasado
- Portugal antes.

Nesta etapa, recollerán datos e analizarán a información recompilada, establecendo comparativas entre aqueles días e o presente.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos o seu produto final.

Terán liberdade no formato de presentación e dos medios, dándolle a máxima difusión no programa Radio ou a través de podcast ou outro medio ou exposición no centro educativo, exposicións nos taboleiros e corredores do centro, ...

Poderán elaborar unha revista, unha reportaxe gravada, unha exposición nos corredores, un programa de radio, un programa de televisión, concursos ...

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...) establecendo a conexión que ten desde a Idade Media co portugués.
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, momentos históricos...)
- Matemáticas (estadísticas sobre poboacións, tempos...)
- Economía (comparativas nos prezos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (búsquedas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores
Caderno
Fichas
Dicionarios e Historias da literatura, gramáticas, manuais de ortografía e libros de lectura

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Ademais contamos con mapas para poder contibuír ao coñecemento do país.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, na primeira sesión, realizarase unha proba inicial baseada en relacións co portugués e costumes, así como competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. O contacto co idioma e a cultura do país serán unha das preguntas desta avaliación inicial para valorar a relación co proxecto do alumnado e, sobre todo, coa lingua e cultura portuguesa, a dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Preténdese que o alumnado desfrute aprendendo a lingua e sobre a cultura portuguesa e que á vez lle sirva para establecer coñecementos de interdisciplinariedade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Proba escrita	0	5	0	2
Táboa de indicadores	100	95	100	98

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo co plan de traballo. Escolla do tema e xustificación. Entrega do dossier,
 - SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de traballo coa procura de información. Vídeos, entrevistas, información recompilada e arquivada...
 - TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.
- En cada avaliación presentarase e exporase o proxecto realizado.
Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores

procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

Criterios de recuperación:

Para o alumnado que non consiga os obxectivos e que non consiga poder ter un coñecemento básico da lingua e da cultura portuguesa realizará un proxecto en que poida recuperar os coñecementos non adquiridos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Presentación e/ou exposición	Difusión informativa do proxecto.	X	X	X
Exposición	Exposición e explicación do proxecto	X	X	X
Conexión con alumnado de fala portuguesa	Establecerase unha comunicación presencial ou por videoconferencia para que poidan practicar o portugués e coñezan a outras persoas	X	X	X
Roteiro portugués pola cidade da Coruña	Realizarase un roteiro parando nos lugares e pescudando información sobre os nomes das rúas que teñan que ver con personalidades portuguesas	X		X
Conmemoracións e saídas	Realizaranse actividades en conmemoracións concretas e saídas se houber algunha exposición ou acto na cidade relacionado coa cultura portuguesa	X	X	X

Observacións:

Durante o curso traballarase as catro destrezas en todas as clases.

Realizaranse ademais lecturas como a de:

- Jose Saramago, Quatro cavaleiros a pé, Os contrastes Sociais ... na Literatura.
- Selección de diversos escritores como Pessoa ...

Ademais escoitaremos a radio portuguesa, música deste país xuvenil, clásica, fados ... Así mesmo traballarase con fichas, textos, audios, vídeos ...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado

Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo da aula e terase en conta o traballo do proxecto ou proxectos realizados polo alumnado. O resultado final será a elaboración dun proxecto.

9. Outros apartados